**DATOS & INFORMES**

**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**
**OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA**

**Web**
consellodacultura.org

**Twitter:**
@consellocultura

**Facebook:**
facebook.com/consellocultura

**Correo:**
medios@consellodacultura.org

**Telf:**
+34 981 95 72 02

20/05/2014

# As empresas culturais en Galicia

Este informe ofrece datos sobre as empresas do ámbito cultural. En primeiro lugar, descríbese a información dispoñible relativa ao número de empresas situadas en Galicia cuxa actividade económica principal pertence ao ámbito cultural, delimitándose este segundo a actividade económica que desenvolve, e en comparativa con outras comunidades autónomas. Tamén se ofrecen datos do Directorio Central de Empresas do Instituto Nacional de Estadística (INE) e da Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil que realiza o Instituto Galego de Estatística (IGE). En segundo lugar, para aquelas actividades nas que foi posible, achegáronse determinados agregados económicos tales como volume de negocio, valor da produción, valor engadido bruto a prezos de mercado, remuneración dos asalariados, consumos intermedios e excedentes de explotación a partir das Contas Económicas de Galicia do IGE.

A delimitación das actividades económicas que se inclúen no ámbito cultural dos datos que se presentan veu condicionada pola dispoñibilidade de desagregacións da Clasificación Nacional de Actividades Económicas de cada unha das fontes citadas. Así, polo que se refire aos datos relativos ao número de empresas, obtidos do Directorio Central de Empresas, na delimitación do ámbito cultural consideráronse aquelas empresas cuxa actividade económica principal é algunha das seguintes (inclúese o seu código segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas CNAE-2009):

- 181 Artes gráficas e servizos relacionados con estas.

- 182 Reprodución de soportes gravados.

- 264 Fabricación de produtos electrónicos de consumo.

- 268 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos.

- 322 Fabricación de instrumentos musicais.

- 4743 Comercio por xunto de equipos de audio e vídeo en establecementos especializados.

- 4761 Comercio por xunto de libros en establecementos especializados.

- 4762 Comercio por xunto de xornais e artigos de papelería en establecementos especializados.

- 4763 Comercio por xunto de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados.

- 581 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais.

- 591 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión.

- 592 Actividades de gravación de son e edición musical.

- 601 Actividades de radiodifusión.

- 602 Actividades de programación e emisión de televisión.

- 6391 Actividades de axencias de noticias.

- 741 Actividades de deseño especializado.

- 742 Actividades de fotografía.

- 7722 Aluguer de cintas de vídeo e discos.

- 900 Actividades de creación, artísticas e espectáculos.

- 910 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais.

Con todo, non foi posible contemplar outras actividades culturais para as que non se dispón de información coa desagregación necesaria, por estaren incluídas en epígrafes agregados a outras actividades non consideradas culturais.

**Número de empresas culturais**

Segundo a Estatística de Empresas Culturales do Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, Galicia conta con 5.440 empresas culturais. Nos últimos cinco anos este censo creceu en 26 unidades en Galicia, mentres no total de España o descenso foi de 1.170, unha tendencia positiva para a comunidade galega que se estabiliza no 5,4% do total das empresas culturais situadas en España, unha décima porcentual por riba de anos anteriores.

Con todo, hai sectores que si experimentaron unha baixada significativa, como é o caso daquelas empresas relacionadas con actividades de comercio e aluguer de vídeos, un sector que obviamente se ve afectado pola forte implantación das novas tecnoloxías e Internet.

DATOS & INFORMES

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

**Número total de empresas culturais. Comparativa Galicia-España**




Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Directorio Central de Empresas

As empresas culturais, en xeral, susténtanse dende o punto de vista funcional, en dous piares básicos: as actividades da industria e dos servizos, a de maior representatividade, e as actividades de comercio e aluguer. O primeiro tipo de empresas abrangue numerosos campos profesionais, aínda que o máis significativo é o dedicado á creación artística e de espectáculos; no seu conxunto constitúe o 25,9% da actividade empresarial cultural de Galicia.

Dende 2010, as empresas que experimentaron unha maior caída foron as que se ocupan das actividades relacionadas co cine, vídeo, radio e televisión, así como edición musical. No polo oposto, as que se ocupan de cuestións vinculadas ás bibliotecas, arquivos e museos e, en menor medida, pero tamén cunha tendencia positiva, a edición editorial.

**Número de empresas culturais por actividade económica en Galicia**

| | 2008 | | 2009 | | 2010 | | 2011 | | 2012 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | % | Total | % | Total | % | Total | % | Total | % |
| **Total** | **5.414** | **5,3** | **5.439** | **5,3** | **5.437** | **5,3** | **5.545** | **5,4** | **5.440** | **5,4** |
| 1. En determinadas actividades da industria e dos servizos | 3.418 | 4,6 | 3.544 | 4,7 | 3.668 | 4,7 | 3.664 | 4,8 | 3.657 | 4,9 |
| 1.1. Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais | 76 | 5,5 | 67 | 5,0 | 133 | 3,9 | 158 | 4,2 | 180 | 4,2 |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1.2. Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais | 332 | 3,9 | 345 | 4,1 | 364 | 4,1 | 359 | 4,2 | 357 | 4,2 |
| 1.3. Actividades cinematográficas, de vídeo, radio, televisión e edición musical | 417 | 4,0 | 440 | 4,1 | 386 | 3,9 | 401 | 4,1 | 387 | 4,1 |
| 1.4. Actividades de axencias de noticias | 1 | 1,2 | 1 | 0,6 | 1 | 0,6 | 1 | 0,6 | 2 | 1,6 |
| 1.5. Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos | 1.207 | 4,8 | 1.307 | 4,9 | 1.452 | 5,0 | 1411 | 5,2 | 1412 | 5,2 |
| 1.6. Actividades de fotografía | 573 | 5,5 | 582 | 5,7 | 542 | 5,8 | 559 | 5,6 | 543 | 5,8 |
| 1.7. Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | 786 | 4,4 | 775 | 4,5 | 769 | 4,7 | 752 | 4,7 | 750 | 4,8 |
| 1.8. Fabricación de soportes, aparatos de imaxe e son, e instrumentos musicais | 26 | 7,5 | 27 | 7,8 | 21 | 6,3 | 23 | 7,5 | 26 | 8,3 |
| 2. En determinadas actividades do comercio e aluguer | 1996 | 7,0 | 1895 | 6,9 | 1769 | 6,9 | 1881 | 6,8 | 1783 | 6,7 |

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Directorio Central de Empresas

O volume de empresas culturais no conxunto de España é de 101.342 sociedades. Madrid (22.751), Cataluña (19.802) e Andalucía (13.130) son as comunidades con maior número, seguidas da Comunidade Valenciana, que se achega ás 10.000 empresas e, xa a máis distancia, País Vasco. Galicia ocupa o quinto lugar.

Pódese seguir unha metodoloxía distinta realizando unha explotación directa do Directorio de Central de Empresas do INE. Esta análise permite a obtención do estrato de asalariados de cada empresa, pero cunha desagregación menor das actividades, polo que os resultados poden variar respecto da análise anterior.

**Número de empresas culturais en Galicia por estrato de asalariados**

| | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Sen asalariados | 3.435 | 3.535 | 3.675 | 3.800 | 3.697 | 3.655 |
| De 1 a 2 asalariados | 1.784 | 1.733 | 1.636 | 1.650 | 1.721 | 1.812 |
| De 3 a 5 asalariados | 444 | 464 | 454 | 471 | 442 | 456 |
| De 6 a 9 asalariados | 202 | 195 | 198 | 199 | 193 | 171 |
| De 10 a 19 asalariados | 150 | 142 | 132 | 134 | 111 | 117 |
| De 20 a 49 asalariados | 49 | 51 | 42 | 44 | 38 | 34 |
| De 50 a 99 asalariados | 19 | 19 | 20 | 15 | 19 | 17 |
| De 100 a 199 asalariados | 15 | 17 | 13 | 15 | 9 | 8 |
| De 200 a 499 asalariados | 2 | 1 | 3 | 2 | 2 | 1 |
| De 500 a 999 asalariados | 3 | 2 | 1 | 1 | 1 | 1 |

Fonte: INE: Directorio Central de Empresas (DIRCE)

No tocante ao estrato de asalariados das empresas culturais en Galicia, obsérvase que en 2013, o 58,3% destas non tiñan ningún asalariado e que, polo tanto, a fórmula máis elixida para o sector cultural é o auto emprego. Así, o 99,6% son PEMES con menos de 50 traballadores. A

partir de 2011 tende a diminuír o número de empresas sen asalariados ou as que contan con entre 20 e 49 asalariados, mentres que aumentan as que teñen 1 ou 2 asalariados. Destaca, así mesmo, o feito de que aínda que o número de empresas culturais de entre 3 a 5 empregados descendera considerablemente en 2012, estas aumenten de novo en 2013 (14 empresas máis).

A terceira explotación que se ofrece realízase a través do Boletín Oficial de Rexistro Mercantil do IGE e permite medir a demografía das sociedades mercantís en Galicia, ofrecendo información daquelas empresas creadas e rexistradas durante o mes de referencia.

**Sociedades mercantís do ámbito cultural constituídas**

| | 2012 | 2013 | 2014* |
|---|---|---|---|
| 18. Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | 16 | 11 | 7 |
| 58. Edición | 14 | 5 | 4 |
| 59. Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical | 6 | 8 | 4 |
| 60. Actividades de programación e emisión de radio e televisión | 7 | 4 | 1 |
| 63. Servizos de información | 2 | 4 | 6 |
| 90. Actividades de creación, artísticas e espectáculos | 20 | 14 | 6 |
| 91. Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais | 0 | 1 | 0 |
| Total empresas culturais | 65 | 47 | 28 |
| Porcentaxe sobre o total de sociedades mercantís | 1,54% | 1,10% | 1,78% |

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)
*Ata abril

Segundo os resultados, a creación de empresas culturais en 2012 foi superior a 2013, sendo A Coruña a provincia na que se fundaron máis empresas deste tipo en 2013. Nos catro primeiro meses de 2014 creáronse 27 empresas culturais, case o dobre das creadas no mesmo período de tempo en 2013.

### Comportamento macroeconómico das actividades culturais

Os datos macroeconómicos que ofrecemos a continuación proceden da explotacións das Contas Económicas Anuais de Galicia. O último ano publicado é de 2011. Os resultados están compostos polas actividades recollidas nas empresas culturais agrupadas nas seguintes ramas da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 2009):

- Artes gráficas e reprodución de soportes gravados.
- Edición.
- Actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión.
- Actividades artísticas, recreativas e de entretemento.

A produción a prezos básicos deste conxunto de actividades económicas, é dicir, o que os produtores reciben dos compradores, sitúase no último ano de referencia en 2.715 millóns de euros. Pola súa parte, o valor engadido bruto (a diferenza entre a produción e os consumos

intermedios) ascendeu 1.321 millóns de euros, un 2,58% do total de Galicia. O resto dos indicadores obteñen os resultados que aparecen na seguinte táboa.

**Cadro macroeconómico das actividades culturais en Galicia**

| | 2011 | Taxa de variación interanual |
|---|---|---|
| Produción a prezos básicos | 2.716 | -0,91% |
| Consumos intermedios | 1.395 | -0,18% |
| Valor engadido bruto | 1.321 | -1,66% |
| Remuneración de asalariados | 887 | 2,19% |
| Excedente bruto de explotación | 525 | -8,88% |

Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia. Base 2008. Serie 2000-2011

As taxas de evolución entre 2010 e 2011 amosan un empeoramento de todos os indicadores agás a remuneración dos asalariados. O excedente bruto de explotación descendeu máis dun 8%. A evolución por actividades amosa os seguintes resultados:

**Evolución da Produción a prezos básicos das actividades culturais en Galicia (miles de euros)**

| | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 |
|---|---|---|---|---|---|
| Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | 292.186 | 295.234 | 288.097 | 281.792 | 292.183 |
| Edición | 306.179 | 309.373 | 269.539 | 255.766 | 244.287 |
| Actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical | | | | | |
| Actividades de programación e emisión de radio e televisión | 503.015 | 497.719 | 469.527 | 444.110 | 458.982 |
| Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | 1.611.857 | 1.725.826 | 1.750.008 | 1.758.686 | 1.720.057 |
| Total | 2.713.237 | 2.828.152 | 2.777.171 | 2.740.354 | 2.715.509 |

Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia. Base 2008. Serie 2000-2011
Os datos dos anos 2010 e 2011 son provisionais

Como se pode ver, as actividades con máis descensos na produción entre 2008 e 2011 foron as relacionadas coa edición.

No tocante ao comportamento do valor engadido bruto, as actividades culturais amosan unha evolución semellante á do conxunto das actividades, pero cunha taxa de contracción inferior en 2009 e 2010, ano no que as actividades culturais creceron un 0,4%. En 2011, a caída é sensiblemente maior.

**Evolución do Valor Engadido Bruto a prezos correntes (miles de euros) en Galicia**




Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia. Base 2008. Serie 2000-2011
Os datos dos anos 2010 e 2011 son provisionais

## Sector exterior

No referente ao sector exterior, as empresas culturais galegas exportaron uns escasos 4,2 millóns de euros. A tendencia nos últimos anos é negativa.

**Evolución das exportacións en Galicia**




Fonte: Instituto Galego de Estatística

Tal e como se pode ver na gráfica superior, a evolución das exportacións das empresas culturais contrasta co conxunto de actividades económicas, xa que están orientando a súa actividade cara a mercados externos pola baixada da demanda interna.

## Conclusións

En xeral, o número de empresas culturais apenas varía en Galicia mentres baixa en España. No abano comprendido entre as actividades da industria e dos servizos o maior número de empresas culturais galegas correspóndese con actividades de deseño, creación artística e de espectáculos. Galicia é a quinta comunidade autónoma española por número deste tipo de

empresas. No referente ao tamaño das empresas por número de asalariados, pódese afirmar que o 99,6% das empresas culturais galegas son PEMES. O ritmo de creación de empresas culturais é maior nos catro primeiros meses de 2014 que no mesmo período de 2013.

No referente á produción, as actividades económicas da cultura achegaron o 2,58% do valor engadido bruto, uns 1.321 millóns de euros. A produción, os consumos intermedios e o excedente bruto de explotación baixa entre 2012 e 2011, último ano de referencia. A evolución dalgúns indicadores económicos amosan una recuperación maior da actividade cultural en 2010 e un resultado peor en 2011 que o conxunto da economía. Unha das materias pendentes do sistema produtivo da cultura segue a ser o sector exterior, xa que as empresas culturais exportan moi pouco.